

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D^a. María Ramallo Vázquez

SECRETARÍA XERAL
Expt: 2019-SE010-006

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA EN CONCELEIROS/AS ELECTOS/AS

Tras as eleccións locais do pasado 26 de maio de 2019 e constituída a Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xuño de 2019, procede que por esta Alcaldía se diten as resolucións en materia de delegacións necesarias para proceder ao establecemento da nova organización municipal, de acordo co previsto na normativa aplicable.

Vistos os artigos 43 a 45 e 121 do R.D. 2586/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local, contidas na Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e demais lexislación complementaria.

E, no exercicio da habilitación contida no artigo 23.4 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, que permite ó/a alcalde/sa delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, pode realizar en favor de calquera concelleiro/a, aínda que non pertencese a aquela.

Polo exposto e en uso das facultades que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar as seguintes **delegacións xenéricas** respecto das áreas de xestión nas que queda estruturada a organización municipal que se especifican, a favor dos concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, que a continuación se indican, que serán coordinadores responsables das súa área, ámbitos materiais-funcionais e servizos correspondentes:

CONCELLEIRO/A DELEGADO DA ÁREA	ÁREA OU MATERIA
Manuel Santos Costa (Tenente de Alcalde)	URBANISMO, FACENDA, PERSOAL, VIVENDA, EMPREGO, EMPRESA, TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO
M ^a Antonia Sanmartín García	MEDIO AMBIENTE, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, EDUCACIÓN E FESTAS
Antonio Traba Miñones	DEPORTE, XESTIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E XUVENTUDE
Pablo Novas Caballero.	DESENVOLVEMENTO RURAL, SERVIZOS, EXECUCIÓN DE OBRAS NAS PARROQUIAS, COORDINACIÓN COS COLECTIVOS VECIÑAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
M ^a Cristina Acuña González	TURISMO, COMERCIO, DINAMIZACIÓN, PARQUES E XARDÍNS E CEMITERIOS
Francisco José Estévez Salazar	SEGURIDADE, POLICÍA LOCAL E MOBILIDADE
Beatriz Rodríguez Gómez	CULTURA, PATRIMONIO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, COORDINACIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS E UTILIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS CULTURAIS

Segundo.- As delegacións xenéricas efectuadas abarcan tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, con exclusión da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, agás no caso da delegación efectuada para a área de Urbanismo, Facenda, Persoal, Vivenda, Emprego, Empresa, Tecnoloxías da información e Comunicación e Coordinación das áreas de goberno a favor de don Manuel Santos Costa, que inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, debendo en todos os casos ser informada previamente a Alcaldía da adopción de decisións de transcendencia.

Terceiro.- Efectuar as **delegacións especiais** para cometidos específicos de servizos incluídos nas áreas de xestión nas que queda estruturada a organización municipal consonte dispón o apartado 1º da parte resolutiva da presente resolución, do seguinte xeito:

CONCELLEIRO/A DELEGADO	DELEGACIÓN ESPECIAL	ÁREA NA QUE ESTÁ INCLUÍDA
Hugo González López	COORDINACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	URBANISMO, FACENDA, PERSOAL, VIVENDA, EMPREGO, EMPRESA, TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO.
Raquel Soage Guimeráns	COORDINACIÓN DE FESTAS E EVENTOS	MEDIO AMBIENTE, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, EDUCACIÓN E FESTAS
Mónica Viqueira Rodríguez	COORDINACIÓN SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE	
Antonio Caña Fortes	COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS	DEPORTE, XESTIÓN DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS, ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E XUVENTUDE.
Manuel Domingos González García.	COORDINACIÓN DA EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVICIOS NAS PARROQUIAS	DESENVOLVEMENTO RURAL, SERVICIOS, EXECUCIÓN DE OBRAS NAS PARROQUIAS, COORDINACIÓN COS COLECTIVOS VECIÑAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
Elisa Dopazo López.	COORDINACIÓN COS COLECTIVOS VECIÑAIS DAS PARROQUIAS	
Itcíar Álvarez Tapia	COORDINACIÓN DA ACTIVIDADE CULTURAL E UTILIZACIÓN ESPAZOS PÚBLICOS CULTURALS.	CULTURA, PATRIMONIO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, COORDINACIÓN ACTIVIDADES CULTURALS E UTILIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS CULTURALS.

Cuarto.- As delegacións especiais previstas no punto anterior comprenden a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Quinto.- O/A concelleiro/a que ostente a delegación xenérica sobre a correspondente área terá a facultade de supervisar a actuación do/s concelleiros/as con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área.

Sexto.- Esta Alcaldía conserva, en relación coas competencias delegadas, as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados a consecuencia da delegación, así como, a de ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Sétimo.- No exercicio das delegacións conferidas deberá facerse constar que se actúa con tal carácter.

Oitavo.- As atribucións delegadas nesta resolución, non poderán ser, a súa vez, obxecto de delegación nun terceiro.

Noveno.- As delegacións outorgadas neste resolución requirirán, para a ser eficaces, a súa aceptación por parte do/a delegado/a. A delegación entenderase aceptada tacitamente se, no termo de tres días hábiles, contados desde a notificación da resolución, o destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante a Alcaldía de que non acepta a delegación.

Décimo.- Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

Décimo primeiro.- Quedan se efecto cantas resolución anteriores teña ditado esta Alcaldía en materia de delegación de competencias en concelleiros/as.

Décimo segundo.- Estas delegacións non quedarán revogadas polo mero feito de producirse un cambio na titularidade da Alcaldía ou da Concellería. A revogación ou modificación na delegación deberá adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento, sen prexuízo da súa avocación conforme ó art. 116 do RD 2568/1986, de 28 de novembro e á lexislación de procedemento administrativo común.

Décimo terceiro.- As delegacións conferidas serán efectivas desde o día seguinte ó da data da presente resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, debendo publicarse igualmente na sede electrónica municipal en aplicación do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo cuarto.- Da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre.

Así o dispón a señora Alcaldesa do que eu como Secretaria dou fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE